

# **AER ACHEGA AS SUAS REUNIÓN ABERTAS ÁS PARROQUIAS**



A Agrupación de Electores de Redondela (AER) retoma neste mandato os encontros coa veciñanza parroquia a parroquia. As reunións abertas que se realizan habitualmente os mércores na Casa da Cultura de Redondela trasladaranse ao longo do mandato e de xeito periódico ata as parroquias do Concello para escoitar e atender, na medida do posible para un grupo da oposición, as demandas, cuestións e inquiredanzas da veciñanza. Ademais, ao ser de acceso libre, aqueles veciños e veciñas que asistan poderán aportar aos debates que os membros da agrupación teñan acerca de diversas cuestión da política municipal.

Este mércores 7 de outubro comezará esta nova xeira de reunións abertas nas parroquias, celebrándose, neste caso, no Centro Cultural do Chan das Pipas en Saxamonde a partir das 20:00h.

Redondela, 5 de outubro de 2015